

DECRETO

Visto que por Decreto de Alcaldía nº 2023-0074 do 13/02/2023 se aprobaron as Bases da convocatoria para a provisión, mediante concurso-oposición, de nove postos de traballo ao abeiro do PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2023 (LIÑA 3) (BOPPO nº 208 do luns 31 de outubro de 2022).

Vistas as relacións de candidados/as remitidas polo SEPE relativas ás seguintes ofertas (2ª quenda):

Oferta 12-2023-2421	CARPINTEIROS
Oferta 12-2023-2429	PINTORES
Oferta 12-2023-2437	PEÓNS FORESTAIS

En consecuencia, en aplicación do procedemento previsto na base 6ª das bases reguladoras do procedemento e no exercicio das atribucións sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia e resto de normativa concordante, pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Designar o Tribunal calificador do procedemento de selección, mediante concurso-oposición, de tres dos nove postos de traballo convocados ao abeiro do PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2023 (LIÑA 3) (2ª quenda), composto polos seguintes membros:

PRESIDENTE/A	Daniel Alejandro Rubio Pérez (Arquitecto do Concello de Meis)
SECRETARIO/A	Ramón Fariña Barral (Aux. Administrativo do Concello de Meis)
VOGAIS	Rodrigo Vázquez Parada (Operario do Concello de Meis)
	Martín Abal Pérez (Operario do Concello de Meis)
	José Carlos Iglesias Ferreira (Operario do Concello de Meis)

SEGUNDO.- Convocar aos membros do Tribunal para a celebración da sesión constitutiva para o luns **20 DE MARZO DE 2023 ÁS 09:30 HORAS** no Centro Multiusos do Concello de Meis. Acto seguido procederase á valoración da fase de concurso.

ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

